

Un recoñecemento para Manolo Buciños

Ourense Un recoñecemento para Manolo Buciños

Unha exposición, un encontro no Principal, un poemario, un libro e unha cea centrarán a homenaxe ao escultor



Santi M. Amil

04/03/2020 05:00 h

Do 5 de marzo ao 3 de maio • Centro Cultural Marcos Valcárcel • Como un agasallo para Manolo Buciños -segundo Xesús Vázquez, da Fundación Xoán Piñeiro- e como un programa de actos de recoñecemento para o escultor -en palabras do director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo- foi definido na súa presentación o proxecto «Diario de Artista». A iniciativa é da Fundación Xoán Piñeiro e conta co apoio da Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia. Como proposta central do proxecto figura a exposición que se abrirá ao público este xoves no Centro Cultural Marcos Valcárcel. Non será unha mostra ao uso, xa que en «Diario de Artista» -comisariada por Cuqui Piñeiro- haberá materiais como pezas que non estiveron en ningunha exposición, algunhas que pertencen aos comezos da súa carreira artística e mesmo traballos que fixo para a súa propia casa na cidade -como unha escultura-farola do seu xardín-. Na inauguración da mostra actuarán Cristal Méndez e Mercé de Rande.

Faladoiro, cea e libro

Dentro do proxecto sobre Buciños desenvolveranse outras iniciativas ao longo das vindeiras semanas. Entre elas figurará un faladoiro que se celebrará no Teatro Principal e que contará co xornalista e escritor Camilo Franco, da Fundación Xoán Piñeiro, como compañeiro de sesión de Buciños -o artista adiantou que tiña pouco por dicir-. Xesús Vázquez tamén avanzou que Silvia Penas realizou un poemario sobre o traballo do escultor e que haberá unha cea homenaxe no Liceo. Na mesma seralle entregado a Buciños un libro-homenaxe; será unha edición numerada e o escultor recibirá o número 0.

Anxo Lorenzo salientou na presentación do proxecto o feito de que «aquí hai moito máis cunha exposición. Vai ser un percorrido pola súa traxectoria e un merecido recoñecemento a unha figura destacada do ámbito artístico galego».

Fillo adoptivo de Ourense

José Manuel Baltar, anunciou a súa decisión de promover a declaración de Buciños como «fillo adoptivo de Ourense». O escultor, natural de Buciños (Carballedo), chegou á cidade en 1948.

Conoce nuestra newsletter con toda la actualidad de Ourense

Hemos creado para ti una selección de noticias de la ciudad y su área metropolitana para que las recibas en tu correo electrónico. Descubre nuestro nuevo servicio.

[accede](#)

